

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Rúa Dublín, n.6, baixo

CP – 15707, Santiago de Compostela

**CONSIDERACIÓNS DO COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
SOBRE A RESPONSABILIDADE TÉCNICA DO SERVIZO DE
AXUDA NO FOGAR**

Dona Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade, DNI 34.999.031-T, en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con CIF Q1569016G e domicilio na Rúa Dublín, nº6, baixo, CP 15707, Santiago de Compostela, comparece e DI

En relación ás consultas realizadas a este Colexio profesional por parte de Traballadores/as Sociais dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos sobre se entre as súas funcións está incluída a asunción das responsabilidades inherentes á **sinatura do Acordo de Prestación de Servizo para as altas do Servizo de Axuda no Fogar**, e ante as dúbidas xeradas nesta materia, emitimos as seguintes consideracións:

Dentro do Sistema Público de Servizos Sociais, hai que destacar a figura dos e das traballadoras sociais como profesionais de referencia e como garantes do acceso aos diferentes servizos e prestacións públicos así como da integridade e a continuidade das intervencións (artigo 24 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia).

O/A profesional de referencia é a persoa responsable da historia social e a interlocutora principal que vela pola coherencia, a coordinación cos demais sistemas de benestar e a globalidade do proceso de atención, polo tanto, trátase dunha figura indispensable na correcta prestación do servizo e insubstituíble por ningún outro/a profesional nas tarefas que desempeña.

A Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, dispón no seu artigo 12 o seguinte:

“1. O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. (...) 4. A entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta ou, de sero caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a) Un **Informe Social, asinado por un traballador ou traballadora social** da entidade titular do servizo.

b) Un **proxecto de intervención, asinado polo/a técnico/a responsable** que designe a entidade titular do servizo, que recollerá como mínimo a información contida no anexo II desta orde.

c) Un **acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria**, que recollerá como mínimo a información contida no modelo do anexo III desta orde”.

En virtude do anterior, consideramos que é vontade da norma **diferenciar as funcións asignadas á persoa que exerza como responsable técnica do Servizo de Axuda no Fogar**, a cal debe coordinar o equipo e garantir unha supervisión do servizo efectivamente prestado ás persoas usuarias, e as funcións asignadas ás Traballadoras Sociais, que teñen entre os seus cometidos primordiais elaborar o Informe Social como instrumento metodolóxico propio e exclusivo da nosa profesión.

Dende unha perspectiva técnica, as/os Traballadoras/es Sociais desempeñan un papel fundamental e insubstituíble polo de ningún outro profesional no Servizo de Axuda no Fogar, promovendo cambios, paliando situacións e previndo a aparición de problemas na contorna das persoas usuarias. Así mesmo, son as profesionais encargadas de realizar, mediante un estudo das necesidades das persoas usuarias, a valoración da situación e a idoneidade dos recursos, elaborando, xestionando e tramitando o plande traballo e proposta de tarefas en función das necesidades existentes en cada caso.

Evidentemente pode darse o caso, e de feito ocorre con moita frecuencia, que se nomee como **responsable técnica do SAF a unha Traballadora Social do Departamento**, coincidindo a sinatura nestes supostos tanto do Informe Social, como da proposta de intervención e Acordo de Servizo. Pero isto non implica que de xeito indiscriminado todos/as os/as Traballadores/as Sociais teñan que asumir funcións e responsabilidades que son propias do posto de coordinación, e moito menos sen que se perciban os complementos salariais inherentes ao desenvolvemento destas tarefas.

Tendo en conta que o Acordo de Servizo actúa como un verdadeiro documento contractual administrativo e non técnico para a alta na prestación do servizo e que vincula á persoa usuaria coa entidade prestadora do mesmo, comprometéndose reciprocamente ambas partes a respectar e cumprir as condicións, obrigas e deberes pactados, **soamente o posto de traballo que teña asignadas funcións de coordinación e dirección podería asumir as responsabilidades que implican a rúbrica do devandito Acordo de Servizo.**

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2021

Asdo. *Miriam Rodríguez Sierra*

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

